



Asunto: Reunión da Comisión de Valoración para a baremación das solicitudes presentadas para participar no programa educativo “BOLSAS EUROPA FP- PROXECTO ACOREUROPA XI”

## ACTA

Lugar: En liña

Data: 29 de maio de 2023

Hora de inicio: 8.30 h.

Hora de fin: 09.10 h

### Asistentes:

D<sup>a</sup> Sagrario Ron López, (Xefa de Servizo de Educación), presidenta.

D<sup>a</sup>. Susana Vara Bilbao (Xefa de Departamento de Educación).

D<sup>a</sup>. Ana Judel Prieto (Técnica de educación), secretaria.

D. Alfonso Queijo Rodríguez (Técnico de educación),

D<sup>a</sup>. Cristina Vázquez Fernández (coordinadora dos Erasmus do CIFP Anxel Casal).

D. Carlos Oro Claro (coordinador dos Erasmus CIFP Imaxe e Son).

## ORDE DO DÍA

1. O proceso selectivo do programa BOLSAS EUROPA FP- PROXECTO ACOREUROPA XI iniciouse coa apertura do prazo de presentación de solicitudes para participar no programa, do 17 de abril ao 8 de maio de 2023. Nese prazo as persoas interesadas tiñan que se inscribir na ficha habilitada para o proceso na web [www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion) e achegar por rexistro a documentación indicada nas bases.

As solicitudes que se rexistraron en liña foron 31 (descontando as solicitudes duplicadas).

2. Con data 9 de maio de 2023 publicouse na páxina [www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion) a listaxe provisional de persoas admitidas e non admitidas e abriuse un prazo de cinco días hábiles para presentar alegacións (do 10 ao 16 de maio).
3. No prazo de presentación de alegacións, presentáronse 3 alegacións:
  - 1) a persoa solicitante con ID 23, alega e documenta que presentou a documentación no rexistro do Concello de Miño con data 08/05/2023, é dicir, dentro do prazo establecido;
  - 2) a persoa solicitante con ID 24, alega e documenta que presentou a documentación no rexistro da Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia con data 08/05/2023, é dicir, dentro do prazo establecido;
  - 3) a persoa solicitante co ID 38, alega e documenta que presentou a documentación na oficina de correos, con data 8/05/2023, é dicir, dentro do prazo establecido.

Revisada a documentación presentada nestas tres alegacións, quedou comprobada que a documentación requerida para o proceso de selección foi presentada conforme á Lei 39/2015, de 2 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, polo que estas persoas solicitantes co ID 23, 24 e 38 quedan definitivamente admitidas no proceso de selección.

Por outra banda, a persoa solicitante co ID 39 presentou a documentación no rexistro o día 11/05/2023, fora de prazo. Por elo, a súa solicitude non foi admitida.



Por último, solicitada a documentación aos centros do consorcio para a baremación das persoas candidatas, a documentación da persoa co ID nº 16 non foi remitida polo seu centro, por estar a cursar a Modalidade Dual; polo que quedou non admitida, consonte á cláusula 5.1 das bases, que di: “Non poderán participar as persoas tituladas en FP na modalidade Dual, porque nesta xa se realizan prácticas de traballo en empresas remuneradas”.

4. Con data 19 de maio de 2023 publicouse na páxina [www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion) a listaxe definitiva de persoas admitidas e non admitidas.

Das 31 solicitudes presentadas, 9 non están admitidas e 22 foron admitidas:

ID	Estado da solicitude	Observacións: Motivo de non admisión	Ciclo
1	Non admitida	Non presentar a documentación por rexistro	Curso de especialización en Big Data e Inteligencia Artificial
2	Non admitida	Non presentar a documentación por rexistro	Gestión de Ventas y Espacios Comerciales
3	Non admitida	Non presentar a documentación por rexistro	Comercio Internacional
4	Admitida		Comercio Internacional
5	Admitida		Producción audiovisual y espectáculos
6	Admitida		Dietética
7	Admitida		Laboratorio clínico y biomédico
9	Admitida		Documentación y administración Sanitarias
10	Admitida		Documentación y administración Sanitarias
11	Admitida		Desarrollo de aplicaciones web
13	Admitida		Laboratorio clínico y biomédico
14	Admitida		Curso de especialización de Cultivos Celulares
15	Admitida		Anatomía patológica y citodiagnóstico
16	Non admitida	Por cursar a modalidade dual (segundo a cláusula 5.1 das bases)	Guía, Información y Asistencia Turística
19	Admitida		Agencia de viajes y gestión de eventos
20	Admitida		Higiene Bucodental
21	Admitida		Laboratorio clínico y biomédico
23	Admitida	Presentar a documentación en prazo nun rexistro distinto aos do Concello da Coruña	Agencia de viajes e gestión de eventos
24	Admitida	Presentar a documentación en prazo nun rexistro distinto aos do Concello da Coruña	Sonido para audiovisuales y espectáculos
25	Admitida		Curso de especialización de Cultivos Celulares
29	Non admitida	Non presentar a documentación por rexistro	Anatomía Patológica y Citodiagnóstico
30	Non admitida	Non presentar a documentación por rexistro	Anatomía Patológica y Citodiagnóstico
31	Non admitida	Non presentar a documentación por rexistro	Radioterapia y Dosimetría
32	Non admitida	Non presentar a documentación por rexistro	Química Industrial
34	Admitida		Higiene Bucodental
35	Admitida		Higiene Bucodental
36	Admitida		Curso de especialización de Cultivos Celulares
37	Admitida		Animación 3D, Juegos y Entornos Interactivos
38	Admitida	Presentar a documentación en prazo por correo certificado	Automatización y robótica industrial
39	Non admitida	Presentar a documentación fora de prazo	Agencia de viajes y gestión de eventos

40	Admitida	Mediación comunicativa
----	----------	------------------------

Unha vez examinados os expedientes das persoas solicitantes e tendo en conta os documentos presentados e as bases do programa, a Comisión de Valoración, tralas oportunas deliberacións sobre os criterios de baremación, adopta por unanimidade os seguintes:

#### ACORDOS:

1. Ratificar a exclusión de 9 solicitudes: as do ID nº 1, 2, 3, 29, 30,31 e 32 por non presentar a documentación por rexistro; a nº 39, por presentar a documentación fora de prazo; e a nº 16, por cursar a modalidade dual (consonte á cláusula 5.1 das bases).
2. Procédese á baremación dos méritos presentados das 22 persoas candidatas admitidas, segundo os criterios de baremación da cláusula 6 das bases do programa.
3. Presentan certificados de idiomas homologados as persoas cas solicitude co ID nº 4, 5, 13, 15, 19, 21, 24 e 37, que son baremados consonte á cláusula 6.2 das bases.

Sen embargo, as persoas admitidas co ID nº 9 e 10 presentan certificados de idiomas de entidades de orixe peruano e colombiano, que veñen sen a “apostilla”, de xeito que non foron homologadas pola administración do Estado competente, nin teñen equivalencia co Marco Común Europeo das Linguas, de xeito que non poden ser consideradas para súa valoración, consonte á cláusula 6.7.: “Unicamente valoraranse por parte da comisión os documentos oficiais das entidades públicas e privadas correspondentes, asinados polas persoas responsábeis das certificacións que se esixen”.

4. La persoa ca solicitude nº 24, presenta dúas certificacións académicas: unha do ciclo formativo de “Son para audiovisuais e espectáculos”, que cursa pola modalidade modular, con 9 módulos aprobados e faltaríalle 2 módulos mais por cursar); e a outra certificación doutro ciclo de “Producción de audiovisuais e espectáculos”, cas notas dos 2 módulos que lle faltan do ciclo anteriormente citado.

Deste xeito, no mes de xuño de 2023 non será titulada ningún dos ditos ciclos, polo que non compre os requisitos para ser aceptada a súa solicitude (consonte á cláusula 5.1. das bases), polo tanto, queda excluída.



5. Elaborar as seguintes relacións provisionais:
  - a) Relación provisional de persoas seleccionadas (tantos como prazas se oferten no programa), sinalando o país de destino.
  - b) As persoas que, cumprindo os requisitos, non acada o número de orde que lles permita participar no programa por exceder do número de prazas. Estas persoas constituirán a listaxe de agarda.
  - c) As persoas que non compren os requisitos para participar no programa, con expresión sucinta da causa da súa exclusión.
  
6. Tal como se recolle na cláusula 5.1 das bases: “No caso dos titulados en xuño de 2023, a súa participación quedará supeditada á xustificación de ter rematado o ciclo e superada a FCT ou rematado o curso de especialización”. Son 16 persoas candidatas.
  
7. Tal como se recolle na cláusula 2 das bases: “Non obstante, o órgano competente poderá variar a súa distribución en función da competencia lingüística das persoas seleccionadas e da existencia de empresas axeitadas ao seu perfil profesional e académico nos destinos solicitados.  
O concello resérvase o dereito a realizar o cambio de países de destino en función das posibles restricións de acceso que se podan producir pola evolución da pandemia do covid-19 nos países previstos.”
  
8. Abrir un prazo de dez días hábiles, contados a partir da publicación dos listados na web de educación, para que as persoas interesadas presenten as súas alegacións ás ditas relacións provisionais.  
  
As ditas alegacións deberán ser presentadas en calquera dos rexistros municipais (situados no Pazo municipal de María Pita, Forum Metropolitano, Ágora ou Mesoiro) ou en calquera das dependencias a que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (neste caso, enviar un correo co xustificante a [educacion@coruna.gal](mailto:educacion@coruna.gal)).
  
9. Convócase as persoas seleccionadas provisionalmente e as 5 primeiras da listaxe de agarda a presentar, **ata o 12 de xuño, a seguinte documentación por rexistro** (do mesmo xeito que as alegacións):
  - a) Fotografía recente tamaño carné.
  - b) Se for o caso, Certificado Covid da Unión Europea de vacinación (opcional).
  - c) Curriculum europeo (Europass), en inglés.
  - d) Application form, en inglés.
  - e) Carta de motivación, en inglés.

A comisión de selección das persoas solicitantes de becas BOLSAS EUROPA FP-PROXECTO ACOREUROPA XI

Sagrario Ron  
Presidenta

Susana Vara Bilbao  
Vogal

Ana Judel Prieto  
Secretaria

Alfonso Queijo  
Vogal

Carlos Oro Claro  
Vogal

Cristina Vázquez Fernández  
Vogal